

EXPEDIENTE:4013/2022

ASUNTO: RELACIÓN DEFINITIVA ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECTIVO DIRECTOR/A OBRADOIRO DE EMPREGO

DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de alcaldía de data 12/09/2022 aprobouse a convocatoria e as bases para a selección do equipo docente e directivo do "OBRADOIRO DE EMPREGO XESTIÓN FORESTAL TORRE GOIÁNS II BOIRO" (anuncio e bases da convocatoria publicadas no BOP da Coruña número 176 de data de 15/09/2022, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello www.boiro.gal).

O 22/09/2022 se publicou Resolución de Alcaldía onde constaba o listado provisional de admitidos e excluídos para o proceso selectivo dun/ha director do Obradoiro de Emprego.

O 24/09/2022 rematou o prazo para a presentación de alegacións contra ese listado provisional, no cal constan cinco alegacións presentadas:

Nº	NOME	ALEGACIÓN
1	FRANCISCO SUAREZ-PUERTA COLOMER	Aporta contrato de traballo de letrado e convenio colectivo da empresa.
2	JOSE CARLOS RODRIGUEZ RODRÍGUEZ	Aporta carné de conducir e contrato de traballo de economista e declaración xurada sobre funcións realizadas
3	JOSE FERNANDO GUDE CRUJEIRAS	Aporta contrato de traballo coma director dun obradoiro de emprego
4	MARIANA RODRIGUEZ-LOSADA PEREZ MONTERO	Aporta contratos de traballo de directora de delegación e de psicóloga
5	NATALIA NOVOA TORRES	Aporta titulación de diplomatura universitaria, máster e certificado de correspondencia de titulación.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen esta convocatoria, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Visto canto antecede RESOLVO:

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas por José Fernando Gude Crujeiras e Maria Rodríguez-Losada Pérez Montero por acreditar unha experiencia profesional mínima de 6 meses por conta allea en tarefas de dirección (grupo de cotización 1) tal e como constan nos seus contratos de traballo e no seu informe de vida laboral.

Segundo.- Desestimar as alegacións presentadas polas seguintes persoas candidatas e polos motivos que se detallan a continuación:

Nome	Motivo
FRANCISCO SUAREZ-PUERTA COLOMER	Non queda debidamente acreditado que o posto de letrado estea incluído no grupo A do convenio colectivo de aplicación, nin que dentro dese posto se realicen tarefas de dirección.
JOSE CARLOS RODRIGUEZ RODRIGUEZ	Non queda debidamente acreditado que no posto de economista/contabilidade se realicen tarefas de dirección



NATALIA NOVOA TORRES	Non resulta suficiente o título de diplomatura para acceder a un posto equivalente a A1. Debe de posuír grao, licenciatura, enxeñería, arquitectura ou equivalente.
----------------------	---

Terceiro.- Declarar definitivamente admitidas no proceso selectivo dun/ha director/a do Obradoiro de Emprego Xestión Forestal Torre de Goiáns II Boiro, ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

Nome
JOSE FERNANDO GUDE CRUJEIRAS
LIDIA SANTOS TORRADO
LORENA ROMERO SANISIDRO
MARGARITA VILELA RODRIGUEZ
MARIANA RODRIGUEZ-LOSADA PEREZ MONTERO
PAULA MARIA TUBIO RODRIGUEZ

Cuarto.- Declarar definitivamente excluídas no proceso selectivo dun/ha director/a do Obradoiro de Emprego Xestión Forestal Torre de Goiáns II Boiro, aos seguintes aspirantes polos seguintes motivos:

Nome	Motivo da exclusión
FRANCISCO SUAREZ-PUERTA COLOMER	NON ACREDITA EXPERIENCIA MÍNIMA
JOSE CARLOS RODRIGUEZ RODRIGUEZ	NON ACREDITA EXPERIENCIA MÍNIMA
MARIA ANGELES MIGUENS GARCIA	NON ACREDITA EXPERIENCIA MÍNIMA
MARIA DOLORES MARTINEZ RODRIGUEZ	NON ACREDITA EXPERIENCIA MÍNIMA NIN PERMISO DE CONDUCIR
NATALIA NOVOA TORRES	NON ACREDITA TITULACIÓN MÍNIMA

Quinto.- Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidenta: María Mariño Poza (Suplente: Severino Abalo Chouza)

Secretario: Carmen Saavedra Pego (Suplente: M^a Dolores Franco López)

Vogal 1: Miriam Hermo Suárez (Suplente: Emilio Piña Ordíz)

Vogal 2: Margarita Sampedro Mariño (Suplente: Benigno Piñeiro Sobrido)

Vogal 3: Antón R. Rodríguez Gallardo (Suplente: Alberto García Sánchez)



Sexto.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e convocar a tódalas persoas aspirantes admitidas para o martes 27/09/2022 ás 08:30 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello para a realización da fase de entrevista.

Sétimo.- Notificar a presente resolución ós membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Boiro, na data que se indica ao marxe, na sinatura dixital.

O alcalde presidente.

O secretario xeral.

